

## ADMISIÓN DE ALUMNADO PARA O CURSO 2015-16

A Admisión do alumnado neste Centro para o curso 2015-16 axustarase á lexislación e proceso que se indican:

### 1.- NORMATIVA REGULADORA DE ADMISIÓN

- Decreto 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos... (DOG 26/12/2012)

- Orde do 12 de marzo de 2013, pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros sustentados con fondos públicos... (DOG 15/03/2013).

- Instrucións da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e O. U.

### 2.- OFERTA DE POSTOS ESCOLARES DISPOÑIBLES:

Cursos de Educación Infantil		Cursos de Educación Primaria	
Postos dispoñibles	(1)	Postos dispoñibles	(1)
Cuarto (3 anos).....	44	6	0
Quinto (4 anos).....	1	0	0
Sexto (5 anos).....	3	0	0
		Primeiro.....	0
		Segundo.....	0
		Terceiro.....	0
		Cuarto .....	0
		Quinto .....	0
		Sexto .....	0

(1) Postos escolares a disposición da comisión de escolarización para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (art. 3 da Orde do 12 de marzo de 2013, DOG do 15)

### 3.- ÁREA DE INFLUENCIA E IES DE ADSCRICIÓN DO CENTRO

A área de influencia deste Centro ao obxecto de aplicar a puntuación que corresponda por proximidade do domicilio ou do centro de traballo, é a que figura no mapa de zonas educativas proporcionado polo Concello. Aos efectos de continuidade dos estudos de educación secundaria obrigatoria o Centro está adscrito ao IES Monte das Moas

### 4.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

As solicitudes de admisión, que se axeitarán ao modelo oficial (a recoller en conserxería ou descargar no portal da Consellería de Educación), deberán ser presentadas na Secretaría do Colexio, no horario de Secretaría dispoñible, en calquera dos días lectivos entre o **2 e o 23 de marzo**, debendo ir acompañadas da copia do DNI do alumno/a ou da copia do libro de familia.

A presentación dos xustificantes dos criterios de baremación ten carácter voluntario. A non presentación dalgún deles suporá a renuncia explícita a ser baremado no criterio correspondente. O prazo de presentación desta documentación é do 26 de marzo ao 16 de abril, non obstante, recoméndase entregala no momento da presentación da solicitude.

### 5.- PUBLICACIÓN DA LISTAXE DO ALUMNADO ADMITIDO

- **Antes do 25 de abril:** Publicación da resolución **provisional** de admitidos e non admitidos. A listaxe ou listaxes que se publiquen terán carácter provisional e poderán ser obxecto de reclamación ante o Consello Escolar do Centro no prazo de cinco días hábiles.

- **Antes do 15 de maio:** Publicación da resolución **definitiva** de admitidos e non admitidos. Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante o responsable da Xefatura Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes.

### 6.- PRAZO PARA A FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA

O alumnado admitido no Centro formalizará a súa matrícula na Secretaría do Centro, **do 22 ao 30 de xuño**. Se finalizado o prazo de matrícula non se tivese formalizado esta, decaerá o dereito á praza obtida.

### 7.- SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DO COLEXIO

- **Transporte escolar adaptado**  
Únicamente para o alumnado cunha discapacidade motórica diagnosticada
- **Madrugadores**

## 7.- SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DO COLEXIO

- **Transporte escolar adaptado**  
Únicamente para o alumnado cunha discapacidade motórica diagnosticada
- **Madrugadores**  
Entre as 7,30h e as 9h. Xestionado pola ANPA do Colexio
- **Comedor**  
Entre as 14h e as 16h. Xestionado pola ANPA do Colexio
- **Actividades Extraescolares**  
Entre as 16h e as 18h ou 19h. Xestionadas e organizadas pola ANPA (981139980)

### **INFORMACIÓN IMPORTANTE**

**A solicitude será única e vinculante**, poderá conter ata seis centros, por orde de preferencia e presentarase no centro indicado en primeiro lugar. Estará asinada por calquera dos titulares da patria potestade. No **caso de separación ou divorcio**, será necesaria a sinatura de ambos proxenitores, agás que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo, a un deles. En ambos casos, será necesario presentar xunto coa solicitude de admisión a resolución xudicial correspondente para o seu cotexo polo centro educativo.

A Coruña, 27 de febreiro de 2015  
O Secretario

Vto. e Prace.  
O Director

Asdo.: Juan José Fernández García

Asdo.: Pablo Rey Vázquez